

5. En canto se procede a ultimar unha ferramenta informática de consulta directa, na páxina web da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes <http://www.cptopt.xunta.es/portal/cidadan/lang/gl/pid/174>, expóranse ao público, dixitalizados, os cadros de tarifas de todas as concesións de servizos públicos regulares perma-

nentes de transporte de viaxeiros de uso xeral por estrada e de estacións de autobuses, segundo se proceda á súa revisión no ano 2008.

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2008.

Mar Chao López
Directora xeral de Transportes

ANEXO

Definición da tarifa mínima de percepción 2008						
		2006	Cálculo 2007	Cálculo 2008	Tarifa aplicable	
1.	Servizos non integrados nas áreas de transporte de metropolitano de Galicia.					
1.1.	Concesións que non ofrecen billetes de abono					
		1,05	1,086960	1,117286 €	1,10 €	
1.2.	Concesións que ofrecen billetes de abono					
	Billete individual					
		1,15	1,190480	1,223694 €	1,20 €	
	Abono					
					10% para os abonos de 30 viaxes	
					15% para os abonos de 40 viaxes	
					20% para os abonos de 50 viaxes	
2.	Servizos integrados nas áreas de transporte metropolitano de Galicia					
2.1	Tarifa pagada coa tarxeta de transporte metropolitano ou tarxeta do transporte urbano homologada					
		1,05	1,086960	1,117286 €	1,10 €	
	Importe asumido polo usuario					
		0,67	0,693584	0,712935 €	0,71 €	
	Compensación administracións públicas					
		0,33	0,341616	0,351147 €	0,35 €	
2.2.	Aboamento do servizo con outros medios de pagamento					
		1,15	1,190480	1,223694 €	1,22 €	

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Corrección de erros.-Decreto 43/2008, do 28 de febreiro, polo que se determina o ámbito de aplicación dos plans de ordenación dos recursos forestais para Galicia.

Advertidos erros no devandito decreto, publicado no *Diario Oficial de Galicia* nº 52, do xoves 13 de marzo de 2008, cómpre realizar as correccións seguintes:

Na páxina 4.394, no anexo, onde di:

«I.-Ferrol.

Engadir o concello de Mugardos.

II.-Bergantiños-Mariñas Coruñesas.

Engadir o concello de Sada.

III.-Santiago-Meseta Interior.

Engadir os concellos de Boimorto, Boqueixón, Frades e Melide».

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

Decreto 64/2008, do 27 de marzo, polo que se regula a certificación profesional para a extracción de recursos específicos con técnicas de mergullo na Comunidade Autónoma de Galicia.

O Decreto 210/2000, do 21 de xullo, sobre regulación das certificacións profesionais para a extracción de recursos pesqueiros con técnicas de mergullo na

Comunidade Autónoma de Galicia, establecía as certificacións profesionais necesarias para a recolección ou extracción de recursos pesqueiros con técnicas de mergullo e as condicións e os requisitos exixidos para a obtención destas certificacións profesionais.

A experiencia acumulada ata a data na formación de mergulladoras/es, os cambios tecnolóxicos experimentados no sistema de extracción de recursos, a eficacia e a economía de medios na formación, e a seguridade na realización dos traballos fan necesario proceder á regulación dun título habilitante para a recolla de recursos pesqueiros con técnicas de mergullo e a creación dunha certificación profesional nova que unifique as dúas reguladas no Decreto 210/2000, xa que nestes anos se constatou que é bastante frecuente que unha mesma mergulladora/or alterne as dúas técnicas ao longo da súa vida profesional, polo que, tendo en conta que estas titulacións teñen gran parte do seu contido formativo común, se pretende con esta nova regulación que as persoas profesionais que desexen cambiar a súa actividade de extracción non teñan que obter a expedición dun novo título, coa duplicidade de ensinanzas e a conseguinte perda de tempo e recursos económicos que comporta.

Este decreto dítase ao abeiro das competencias atribuídas polo Estatuto de autonomía de Galicia no seu artigo 27, ao abeiro dos artigos 148.1º.19 e 149.1º.19 da Constitución, e polo tanto dentro do marco da lexislación básica do Estado en relación coa seguridade marítima e da ordenación do sector pesqueiro; polo Real decreto 1377/1997, do 29 de agosto, polo que se transfiren á Comunidade Autónoma de Galicia funcións e servizos en materia de mergullo, e do Decreto 287/1997, do 9 de outubro, polo que se asumen as funcións e servizos transferidos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de mergullo e a súa asignación á Consellería de Pesca.